

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS PARA A INCORPORACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE
RELACIÓNS LABORAIS AO SISTEMA AUTONÓMICO DE PRESTACIÓNS
HOMOLOGADAS DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DA XUNTA DE GALICIA**

REUNIDOS:

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, María Luisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais e presidenta en funcións en virtude do disposto no artigo 10.3.h) da Lei 5/2008, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, actuando en nome e representación do Consello Galego de Relacións Laborais, polas facultades que lle confire a Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade, respectivamente, para formalizar o presente convenio de colaboración para a incorporación ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada da Xunta de Galicia.

En virtude do anterior,

EXPOÑEN

I. O artigo 20.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala que o Consello da Xunta creará unha comisión interdepartamental que determinará, no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector



público, as subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que, polo seu carácter común, se poidan contratar de forma xeral e con características esencialmente homoxéneas para os diferentes órganos e organismos.

II. O Consello da Xunta celebrado o 20 de febreiro de 2014, acordou a creación dunha comisión interdepartamental que, entre as súas funcións, asumiu elaborar a proposta deste catálogo único, que integre os de todos os órganos da administración xeral e do sector público autonómico.

III. O Consello da Xunta celebrado o 18 de setembro de 2014 acordou a aprobación do catálogo de medios e prestacións que serán susceptibles de contratación centralizada. O anexo II do citado acordo establece como departamento encargado da contratación a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actualmente Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en virtude do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia) para algunha das prestacións incluídas no mesmo.

IV. O artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, establece que as entidades locais, universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración.

No mesmo senso, o artigo 228.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, contempla a posibilidade de que as entidades do sector público se adhiran aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Comunidades Autónomas mediante a formalización do correspondente acordo.



V. O Consello Galego de Relacións Laborais, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, e regulado na actualidade pola Resolución do 23 de outubro de 2008 pola que se dispón a publicación do regulamento interno de organización e funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais, é o ente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais e órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas á súa política laboral, conta con personalidade xurídica e patrimonio de seu e actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

VI. Tendo en conta as vantaxes asociadas á incorporación a un sistema de contratación centralizada (obtención de economías de escala e redución de custes administrativos, fundamentalmente), o Consello Galego de Relacións Laborais solicita a súa adhesión ao sistema de contratación centralizada da Xunta de Galicia nos termos que se establecen no presente convenio.

En consecuencia, as persoas asinantes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases e condicións mediante as que o Consello Galego de Relacións Laborais se incorpora ao sistema de contratación centralizada da Xunta de Galicia.

A adhesión concreta do Consello Galego de Relacións Laborais aos distintos contratos licitados polo sistema de contratación centralizada da Xunta de Galicia producirase mediante a remisión polo Consello Galego de Relacións Laborais da solicitude específica contida no Anexo I, na que se identificará o contrato obxecto da adhesión.



Segunda.- DESENVOLVEMENTO DA COLABORACIÓN ENTRE AS PARTES

I.1. Obrigas da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

- I.1.1. A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo manterá informado ao Consello Galego de Relacións Laborais das licitacións que proxecte realizar polo sistema de contratación centralizada, así como das adxudicacións realizadas e os termos dos contratos subscritos coas empresas adxudicatarias.

A información a que se refire o apartado anterior será subministrada, aos órganos indicados polo Consello Galego de Relacións Laborais, ao correspondente enderezo electrónico.

- I.1.2. Unha vez remita o Consello Galego de Relacións Laborais a solicitude específica de adhesión a un contrato licitado polo sistema de contratación centralizada da Xunta de Galicia (Anexo I), a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo comunicará ao Consello Galego de Relacións Laborais os termos concretos do contrato subscrito coa empresa adxudicataria, a data de comezo dos efectos da adhesión ao contrato, así como o resto dos datos precisos para garantir a eficacia da adhesión.

I.2. Obrigas do Consello Galego de Relacións Laborais, unha vez realizada a adhesión concreta a un contrato obxecto de contratación centralizada:

- I.2.1. Poñer en coñecemento da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo os defectos na prestación do servizo para a adopción das medidas oportunas.
- I.2.2. Cumprir con todas as obrigas e condicións establecidas no contrato centralizado.



- I.2.3. Efectuar a recepción dos servizos prestados, que deberán coincidir coas características e prezos que se establezan no contrato centralizado.
- I.2.4. O Consello Galego de Relacións Laborais deberá facerse cargo do abono do prezo e das posibles revisións que se fará efectivo conforme as previsións establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de contratos cuxo prezo se determina en función de prezos unitarios.

Noutro caso, deberá ingresar na conta aberta a nome do Tesouro da Xunta de Galicia, os importes que lle correspondan para o financiamento dos contratos de acordo co coeficiente de participación determinado en función da superficie que ocupan que lle será comunicado pola Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ao comezo de cada exercicio.

Terceira.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do Convenio.

A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Coordinación das funcións de ambas as dúas partes asinantes do convenio
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio



Cuarta.- VIXENCIA

O presente convenio de adhesión ao sistema de contratación centralizada da Xunta de Galicia ten unha vixencia de catro anos, sen prexuízo da posibilidade de prorrogalo polo tempo que as partes estimen conveniente.

A perda de vixencia do presente convenio non afectará á vixencia das adhesións realizadas á contratos concretos polo Consello Galego de Relacións Laborais, nas que a vixencia da adhesión coincidirá con o período de vixencia do contrato. Agora ben, no caso de perda de vixencia do convenio, soamente se manterá a adhesión do Consello Galego de Relacións Laborais ao contrato en caso de prórroga se o Consello presta o seu previo consentimento expreso.

Entenderanse subsumidos no presente convenio, aqueles outros que formen parte do sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada da Xunta de Galicia, celebrados entre as partes asinantes

Finalmente, será causa de resolución do convenio o mutuo acordo de ambas partes ou o incumprimento grave das obrigas sinaladas neste convenio por algunha das partes.

Quinta.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS

A resolución de controversias e conflitos sobre a interpretación e execución do presente convenio de adhesión deberán resolverse, de mutuo acordo das partes, no seno da Comisión de Seguimento. As cuestións litixiosas que poidan formularse respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia do orden xurisdiccional contencioso-administrativo.

Sexta.- PUBLICIDADE

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016,



relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, na data que se consigna na sinatura electrónica.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

A presidenta en funcións do Consello
Galego de Relacións Laborais

Alfonso Rueda Valenzuela

María Luisa Peña Cebreiro



ANEXO I**Solicitud específica de adhesión a un contrato licitado polo sistema de contratación
centralizada da Xunta de Galicia**

Dona María Luisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais e presidenta en funcións en virtude do disposto no artigo 10.3.h) da Lei 5/2008, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, actuando en nome e representación do Consello Galego de Relacións Laborais, polas facultades que lle confire a Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais,

SOLICITA

A adhesión do Consello Galego de Relacións Laborais ao contrato licitado polo sistema de contratación centralizada da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

A presidenta en funcións do Consello Galego de Relacións Laborais

María Luisa Peña Cebreiro

